

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

CONVOCATORIA

Escala:

Subescala:

Quenda de acceso:

Grao de discapacidade:

Adaptación solicitada:

REQUISITOS QUE DECLARO

- a) Ser **nacional** dalgún estado membro da Unión Europea, ou ben cónxuxe ou descendente segundo o establecido legalmente.
- b) Ter cumpridos os **dezaseis** anos e non exceder, se é o caso, da **idade máxima** de xubilación forzosa.
- c) **Non padecer enfermidade** nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa **incompatible** co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Estar en posesión da **titulación** esixida na convocatoria
- e) **Non ter sido obxecto de separación** do servizo nin estar incurso en **inhabilitación** nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- f) Non pertencer como persoal funcionario de carreira a esta mesma **escala e subescala**
- g) Ser certos os **datos** consignados na solicitude.

CONSULTA DE DOCUMENTACIÓN

A persoa interesada autoriza a consulta ás outras administracións públicas dos seguintes datos. De **non autorizar a consulta** deberá achegar o documento correspondente.

Non autorizo:

DNI da persoa solicitante (Nacionalidade, idade e caducidade)

Titulacións (nacionais)

Discapacidade

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPDP), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade de Vigo coa finalidade de xestionar a súa participación no proceso selectivo de persoal de administración e servizos (PAS) ao que se refire esta solicitude.

Os datos serán utilizados para verificar o cumprimento dos requisitos de participación, tramitar todas as fases do proceso selectivo, realizar comunicacións relacionadas co procedemento e, de ser o caso, formalizar a relación xurídica coa Universidade de Vigo. A base xurídica do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o exercicio de poderes públicos atribuídos á Universidade de Vigo, así como o cumprimento de obrigas legais derivadas da normativa de emprego público.

Non se prevén cesións de datos a terceiros agás nos supostos legalmente establecidos ou cando sexa necesario para o desenvolvemento do proceso selectivo. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

*As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, **preferentemente a través do procedemento específico SXER - Exercicio dereitos sobre protección de datos**, dispoñible na categoría «Cidadanía». Así mesmo, poden contactar coa Delegación de Protección de Datos da Universidade de Vigo presentando unha solicitude dirixida ao enderezo dpd@uvigo.gal.*

Os datos conservanse durante o tempo necesario para a tramitación do proceso selectivo e, posteriormente, durante os prazos legalmente establecidos para atender posibles responsabilidades derivadas do tratamento.